



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

Acordo do 12 de xuño de 2023, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración, achegados xunto coa solicitude de outorgamento da concesión de explotación de recursos mineiros da sección C) denominada "Riocobo" número 5863, presentada por Sílices de Fuentes, SL e situada nos termos municipais de Vilalba e Xermade, na provincia de Lugo

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración, presentados xunto coa solicitude de outorgamento da concesión de explotación de recursos mineiros da sección C) denominada "Riocobo" número 5863, presentada por Sílices de Fuentes, SL e situada nos termos municipais de Vilalba e Xermade, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 12 de xuño de 2023.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2160

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 28-01-2019, procedeuse á aprobación da convocatoria e das bases que rexerán o procedemento para a selección de persoal funcionario interino para ocupar provisionalmente unha praza/posto/emprego de administrativo de xestión económico-administrativa para prestar servizos no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA OCUPAR PROVISIONALMENTE UNHA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ADMINISTRATIVO DE XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Exposición de motivos.

Preténdese a través do seguinte procedemento selectivo a selección de persoal funcionario de carácter interino para a cobertura provisional dunha praza/posto/emprego de administrativo de xestión económico-administrativa do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Base primeira. Obxecto

É obxecto das presentes bases a selección dun Administrativo de xestión económico-administrativa, como persoal funcionario de carácter interino (Administrativo de Administración Xeral, Sub-escala Administrativa, grupo C1).

A modalidade do nomeamento é de interinidade e as retribucións son as que lle corresponden a un Administrativo de Administración Xeral da Deputación Provincial de Lugo, na súa categoría de “*posto de entrada*”.

O nomeamento como persoal funcionario interino realizarase ao abeiro do establecido no art. 10. 1 d), Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Ademais, as prazas/postos/empregos vacantes de carácter temporal, correspondentes á categoría sinalada, poderán ser cubertas, como consecuencia dalgúns dos supostos seguintes, con arranxo á bolsa regulada nas presentes bases:

- Substitución de persoal en situación de incapacidade temporal.
- Substitución de persoal durante os períodos de descanso por maternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- Substitución de persoal en situación de excedencia, comisión de servizos con dereito a reserva de posto ou situación de servizos especiais.
- Substitución de persoal vítima de violencia de xénero que suspendesen o seu contrato de traballo nos termos da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Por necesidade urxente de cobertura de praza vacante ou acumulación de tarefas. A contratación para este suposto poderá a xornada parcial en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Base segunda: Lexislación de aplicación.

As presentes probas selectivas seranlles de aplicación:

- 1.- Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, o Real Decreto 896/91, do 7 de xuño.
- 3.- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- 4.- Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- 5.- Bases desta convocatoria.

Base terceira. Requisitos de participación.

Para poder tomar parte no presente proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos (art. 56 TREBEP):

- Posuír a nacionalidade española ou a dalgúns dos Estados membros da Unión Europea, de conformidade co disposto nos artigos 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non acharse comprendido en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade establecidas na lexislación vixente para o persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha das Administracións Públicas nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.
- Estar en posesión do Título de Bacharelato ou Técnico Medio ou equivalente, con arranxo á lexislación vixente. En todo caso, a equivalencia ou homologación de titulacións deberá ser achegada polo aspirante, mediante certificación expedida para o efecto, polo organismo oficial competente.

- Ter coñecemento do idioma galego que se acreditará co certificado do curso de perfeccionamento, Celga 4 ou equivalente.

Todos os requisitos esixidos deberán reunirse o día en que finalice o prazo de presentación de instancias e manterse durante toda a duración do proceso selectivo. Así mesmo, deberán posuírse durante o procedemento de selección ata o momento do nomeamento e deberán acreditarse formalmente con carácter previo.

Base Cuarta. Igualdade de condicións

De acordo co establecido nos artigos 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público en concordancia co previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa inclusión social, nas presentes probas serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que os demais aspirantes. Os aspirantes discapacitados deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite tal condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes á praza/posto/emprego obxecto da presente convocatoria.

O Tribunal de selección establecerá, para as persoas con discapacidade que así o soliciten, as adaptacións posibles, de tempo e medios, para a realización das probas. Para ese efecto, os interesados deberán presentar a petición correspondente na solicitude de participación na convocatoria.

Base Quinta. Funcións asignadas ao posto de administrativo.

Son funcións do posto, en xeral, as propias dun administrativo de xestión económica administrativa, consistentes en tarefas de colaboración ás funcións de nivel superior (iniciar, redactar e tramitar expedientes, rexistrar, archivar e controlar os expedientes, realización de xestión de carácter administrativo e económico, relacións coas empresas contratistas, etc) ou calquera outra afín á categoría do posto e semellantes as descritas que lle sexan encomendadas e resulten necesarias por razóns do servizo.

- Con carácter particular, as seguintes:
- Colaboración no seguimento dos contratos en vigor do Consorcio.
- Colaboración na modificación dos contratos actualmente existentes no consorcio.
- Colaboración en xestións de carácter laboral referentes ao consorcio
- Colaboración coa Secretaría do Consorcio e a Xerencia na execución dos acordos adoptados polos órganos do Consorcio.
- Seguimento dos expedientes tramitados no Consorcio.
- Actualización da páxina web do Consorcio.

Base sexta. Solicitudes.

- Os interesados presentarán a solicitude de inscrición segundo o modelo que se adxunta ás presentes Bases como Anexo II e na páxina web do consorcio: www.salvamentolugo.org
- Lugar e prazo de presentación de solicitudes. Presentaranse preferentemente no Rexistro electrónico do Consorcio (enlace á sede electrónica dende www.salvamentolugo.org) ou a través das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establecéndose para iso un prazo de dez días naturais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.
- Documentación. **Á instancia acompañarase da seguinte documentación:**
 - a) Copia auténtica ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para o seu cotexo) dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
 - b) Declaración responsable de reunir os requisitos esixidos na convocatoria e, no seu caso os esixidos para o nomeamento como funcionario interino.
 - c) Copia auténtica ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para o seu cotexo) da certificación que acredite o coñecemento do idioma galego esixido como mínimo nas bases (Celga 4 ou equivalente). En caso de non achegar a documentación acreditativa do Celga 4 ou equivalente, os aspirantes estarán obrigados á realización da proba de galego á que se refire a base oitava.
 - d) Copia auténtica ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para o seu cotexo) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.

Base sétima. Lista de admitidos.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de TRES DÍAS NATURAIS, ditarase resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos (con mención expresa do motivo de exclusión no seu caso), que se fará pública na Taboleiro de anuncios do Consorcio e na páxina web da entidade, concedéndose aos aspirantes un prazo de 3 DÍAS NATURAIS para a corrección de solicitudes e presentación de reclamacións. Se transcorrese devandito prazo sen que se formule reclamación algunha, a lista elevarase a definitiva automaticamente sen necesidade de nova resolución nin publicación.

Así mesmo, xunto á publicación das listas provisionais será obxecto de publicación a composición do Tribunal Cualificador nomeado de conformidade coa base décima. Contra o nomeamento dos membros deste tribunal se poderá presentar no prazo de TRES DÍAS NATURAIS solicitude de recusación.

No caso de que se tiveran presentado alegacións, procederase á súa resolución e á aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, no prazo de TRES DÍAS NATURAIS, a cal será obxecto de publicación páxina web do Consorcio.

Xunto á publicación das listas definitivas será obxecto de publicación a data de comezo das probas selectivas.

Contra a resolución que aprobe as listas definitivas de admisións e exclusións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consorcio, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ambos a contar desde o día seguinte da publicación das listas no BOP.

Base Oitava.- Procedemento Selectivo.

O procedemento selectivo realizarase mediante oposición libre. Os exercicios a realizar versarán sobre o Temario recollido no Anexo I destas bases. Debido a urxencia e necesidade da provisión da praza/posto/emprego, a totalidade das probas poderán realizarse sen interrupción

Os aspirantes, que serán convocados en chamamento único, quedarán decaídos no seu dereito cando se acudan no lugar de celebración dos exercicios unha vez chamados ou pola inasistencia aos mesmos.

Con todo, o Tribunal de selección poderá apreciar as posibles causas alegadas e admitir ao aspirante, a condición de que os exercicios non finalicen e digan admisión non menoscabe o principio de igualdade co resto de aspirantes.

En calquera momento o Tribunal de selección poderá requirir aos aspirantes para que acrediten a súa personalidade, a cuxo fin deberán acudir provistos do DNI ou, en defecto deste, doutro documento oficial que acredite a súa identidade.

Primeira proba. (proba teórica)

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria . Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 40 preguntas, máis 5 preguntas de reserva para posibles anulacións, relativas ás materias contempladas no Anexo I (Bloque I.- Materias Comúns e Bloque II.- Materias Específicas), con catro respostas alternativas, durante o tempo máximo de 60 minutos, das cales soamente una delas será a correcta.

O exercicio cualificarase con 0,25 puntos por cada resposta correcta e penalizarase con 0,25 puntos por cada tres respostas incorrectas, non puntuándose as respostas non contestadas, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala.

Unha vez realizado este exercicio, o Tribunal de Selección fará pública na páxina web a relación das respostas correctas a cada unha das preguntas que conteña o cuestionario de respostas alternativas.

Segunda proba (proba práctica)

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica relacionada co Bloque II.- Materias Específicas, do Temario recollido no correspondente Anexo I, a realizar na sesión ou sesións que sexan precisas no lugar que determine o Tribunal.

A proba será proposta polo Tribunal inmediatamente antes de dar comezo o exercicio, quen ademais sinalará o tempo máximo para a súa realización.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos e para superar a proba será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos.

O exercicio será valorado directamente polo Tribunal apreciándose, fundamentalmente, a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución do suposto práctico, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita. A esta proba poderase acudir con textos normativos que se xulguen procedentes, que non poderán ser comentados.

O Tribunal poderá determinar que este exercicio sexa lido polo aspirante. O Tribunal que poderá facer as preguntas que estimen convenientes para aclaración do seu contido.

Terceira proba. (entrevista curricular)

A entrevista curricular será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non se presenten a súa realización. Valoraranse as aptitudes persoais dos candidatos. A entrevista versará sobre as capacidades e habilidades persoais relacionadas co desempeño das tarefas e o coñecemento do posto a desenvolver.

A proba cualificarase de 0 a 5 puntos.

As cualificacións adoptaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes, sendo o cociente a cualificación definitiva de cada un dos exercicios.

Cuarta proba (proba de galego)

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle comprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto. Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas presentes bases non terán que realizar esta proba.

Cualificación final

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en todos os exercicios. En caso de empate, este resolverase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1. Maior puntuación obtida no segundo exercicio.
2. Maior puntuación obtida no primeiro exercicio.
3. Maior puntuación obtida no terceiro exercicio.
4. De persistir o empate, terá prioridade a persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra "U" ou seguintes, de conformidade co establecido na Resolución do 9 de maio de 2022, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

Base novena. Datas das probas e publicación do resultado.

As datas das probas e o resultado do presente proceso selectivo serán publicados na páxina web do Consorcio.

Base decima. Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador destas probas selectivas axustarase na súa composición aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, na medida do posible, á paridade entre muller e home, de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección estará composto polo presidente e catro vocais e será asistido por un secretario:

- PRESIDENTE: Un funcionario de carreira designado pola Presidencia do Consorcio.
- SECRETARIO: O do Consorcio ou funcionario da mesma en quen delegue, que actuará con voz e sen voto.
- VOGAIS: Tres funcionarios de categoría igual ou superior ás da praza/posto/emprego convocado, designados pola Presidencia do Consorcio.

Os membros do Tribunal de Selección poderán pertencer a calquera das Administracións Públicas.

Todos os membros do Tribunal de Selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso na praza/posto/emprego convocado e haberán de ser funcionarios de carreira que pertencen ao mesmo grupo ou grupos superiores ao asimilado para dita praza/posto/emprego

Os membros do Tribunal Cualificador deberán de absterse de formar parte do mesmo cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicándoo á Corporación.

O nomeamento dos membros do Tribunal incluíra o dos seus suplentes, a quen lles será de aplicación as mesmas prescricións.

A solicitude do Tribunal Cualificador poderá dispoñerse a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

Cando o número de aspirantes así o aconselle, o Tribunal Cualificador poderá designar colaboradores administrativos, que baixo a supervisión do Secretario do Tribunal permitan garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.

Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador incluídas as peticións para a revisión de exames, cualificacións e impugnación de preguntas, así como as que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión e fúndense en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase interpoñer polos interesados recurso de alzada ante o Presidente do Consorcio, de conformidade co establecido no artigo 112.1º da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten durante o desenvolvemento da convocatoria, tomando os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, no caso de que non estivese contemplado nas presentes bases.

Base decimoprimer. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, con expresión do seu nome e a puntuación obtida por cada un deles, na páxina web do Consorcio.

Esta relación de aprobados referirase exclusivamente ás cualificacións obtidas en cada unha das probas, sen que en ningún caso poida entenderse que os aspirantes comprendidos nelas teñen dereito a que se lles efectúe a formalización do nomeamento.

O Presidente do Tribunal formulará a proposta de formalización de nomeamento do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no proceso selectivo., con expresión do seu nome e apelidos, e cualificación total obtida. Igualmente formulará proposta dos aspirantes que superaron todas as probas selectivas, co obxecto de integrar a correspondente listaxe de emprego temporal, ordenados en función da puntuación obtida por cada un deles no proceso de selección.

O Tribunal non poderá propoñer para a formalización do nomeamento un número de aspirantes superior ao de postos convocados

Base décimosegunda. Lista de substitucións.

Os aspirantes que superasen os probas selectivas pasarán a integrar, no mesmo orde, a lista de substitucións a constituír para a contratación temporal indicada nas presentes Bases.

Base decimoterceira. Presentación de documentación.

O aspirante proposto achegará con carácter inmediato, dentro dos TRES días hábiles seguintes, ao da publicación da proposta do tribunal, ante o Consorcio, os documentos acreditativos das condicións que se esixen na base terceira para tomar parte na oposición:

- Declaración responsable de non acharse comprendido nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para ser contratado polo Consorcio.
- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio das funcións do posto.
- Os aspirantes que teñan a condición legal de persoa con discapacidade deberán presentar, ademais, certificación que acredite tal condición expedida pola Xunta de Galicia, ao obxecto de acreditar esta situación legal e ser compatibles coas funcións propias da praza/posto/emprego obxecto desta convocatoria.
- Titulación esixida na convocatoria debidamente compulsada.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Base décimocuarta. Adquisición da condición de funcionario interino.

A Presidencia do Consorcio procederá ao nomeamento e toma de posesión do funcionario interino, previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Ao persoal interino seralle de aplicación, en cando sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral de persoal funcionario de carreira.

Ata que se formalice o nomeamento e toma de posesión, non se incorporará ao posto de traballo correspondente, e non terá dereito a percepción económica algunha.

O nomeamento que se efectúe terá carácter temporal, extinguíndose, en todo caso, a relación de servizos polo transcurso do período de seis meses.

Base décimoquinta. Réxime de incompatibilidades.

O persoal contratado quedará suxeito ao réxime de incompatibilidades do sector público, conforme á normativa vixente.

Base décimosexta. Funcionamento da lista de substitucións.

A lista de substitucións confeccionarase ordenada pola puntuación obtida polos participantes que superasen as correspondentes probas selectivas.

Debido á xeral urxencia dos nomeamentos, o chamamento aos integrantes da lista de substitucións realizarase, exclusivamente, por correo electrónico. A estes efectos realizaranse dous intentos cun intervalo de 24 horas. Transcorrido dito prazo sen obter resposta, entenderase rexeitado o chamamento, procedéndose a realizar un novo chamamento ao candidato que ocupase a seguinte posición na lista de substitucións.

Aquelas persoas que, unha vez incluídas na lista de substitucións, cambien os seus datos de localización, deberán comunicalo inmediatamente ao Consorcio, para os efectos da súa actualización. Toda persoa inscrita na Lista de substitucións terá a obriga de aceptar o nomeamento que lle sexa ofertado, cando lle corresponda, de acordo co número de orde que ocupe na citada lista.

Con carácter xeral quedarán excluídos da lista:

- Aqueles aspirantes que rexeiten o posto ofertado
- Aqueles aspirantes que aceptado o posto ofertado non se incorporen ao mesmo
- Aqueles aspirantes que incorporados ao posto ofertado abandonen inxustificadamente o servizo
- Aqueles aspirantes que realizado o chamamento por parte da entidade, non den resposta ao mesmo no prazo de 48 horas desde a realización do primeiro intento a través dos medios anteriormente sinalados.

Excepcións:

- Pasarán ao final da lista as persoas que no momento de ser chamadas estean desempeñando outro posto de traballo nalgunha das entidades consorciadas (Deputación de Lugo e Xunta de Galicia), debendo acreditarse documentalmente
- Conservarán o seu posto na lista as persoas que no momento de ser chamadas se atopen nas seguintes circunstancias:
 - Incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo ou situacións asimiladas.
 - Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo sempre que se acredite debidamente.
 - Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

En ambos casos deberán acreditar documentalmente a circunstancia alegada para non incorporarse ao servizo.

Unha vez finalizada a causa que dá lugar ás situacións relacionadas no apartado anterior, deberase comunicar no prazo máximo de CINCO días hábiles ao Consorcio, que ata esa notificación manterá ao candidato na situación de baixa temporal. A partir do día seguinte a aquel en que sexa comunicada de forma fidedigna a finalización da causa de baixa temporal da lista, o Consorcio daralle de alta na mesma. Pola contra, se o candidato non realiza dita notificación no prazo indicado, resultará definitivamente excluído.

No momento de ser chamado para formalizar a correspondente toma de posesión, o aspirante presentará a documentación a que fai referencia a base decimosegunda. No suposto de persoas con discapacidade, unha vez producido o chamamento, e con carácter previo á toma de posesión, o aspirante deberá achegar Certificado emitido polos órganos competentes da Xunta de Galicia acreditando a compatibilidade da súa discapacidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo.

A lista de substitucións terá unha vixencia máxima de tres anos.

Base décimosexta. Vinculación das Bases.

As presentes Bases vinculan ao Consorcio, ao Tribunal de selección e a quen participe nas probas selectivas. Tanto as Bases, como cuantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do Tribunal de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecida na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base décimoseptima. Réxime de recursos.

Contra estas Bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consorcio, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación.

Tamén poderá interpoñerse alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno.

Lugo, a 10 de xullo de 2023.- O Secretario Interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I. TEMARIO**a) TEMARIO XERAL**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios xerais. A reforma da Constitución.

Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional. O defensor do Pobo.

Tema 3.- Organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. Os Estatutos de Autonomía.

Tema 4.- A Administración Pública no ordenamento español. Distintas Administracións. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 5.- O Réxime Local Español : principios constitucionais. Regulación xurídica. Distintas Entidades Locais.

Tema 6.- As Facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

Tema 7.- O Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. Fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento.

Tema 8.- Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Termos e prazos. Requisitos. Validez. Eficacia. A nulidade e a anulabilidade.

Tema 9.- O procedemento administrativo. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

Tema 10.- Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos. O recurso contencioso-administrativo.

Tema 11.- A potestade sancionadora. Principios informadores. O procedemento sancionador.

Tema 12.- A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) TEMARIO ESPECÍFICO

Tema 13.- O municipio: concepto e elementos. Idea xeral sobre a organización e competencias do municipio.

Tema 14.- Ordenanzas e Regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedementos de elaboración e aprobación. Os bandos.

Tema 15.- Relacións entre os entes locais e as restantes entidades territoriais. Autonomía municipal e tutela.

Tema 16.- O persoal ao servizo da Administración Local. O ingreso na función pública. A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Tema 17.- Os bens das entidades locais. A súa clasificación: bens de dominio público, bens patrimoniais e bens comunais.

Tema 18.- Os orzamentos locais: concepto, principios e estrutura. Elaboración e aprobación do orzamento. A súa liquidación.

Tema 19.- Os consorcios. Os consorcios Locais. Réxime Xurídico.

Tema 20.- O Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. Organización. Estatutos. Adopción de acordos polo pleno do Consorcio.

Tema 21.- A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galiza. Organización administrativa e competencias. Distribución das responsabilidades públicas na materia de protección civil e xestión de emerxencias.

Tema 22.- O Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. Estrutura.

| 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME | DNI |
|--|------------|---|---------------|
| DOMICILIO | | LOCALIDADE | |
| PROVINCIA | C.P. | DATA DE NACEMENTO | IDADE |
| TELÉFONO FIXO | | TELÉFONO MOBIL <input type="checkbox"/> Acepto expresamente comunicacións vía telemática | |
| EMAIL <input type="checkbox"/> Acepto expresamente miña integración no servizo de notificación electrónica fidedigno | | ESTUDOS ACREDITADOS | NACIONALIDADE |
| DECLARA BAIXO SUA RESPONSABILIDADE: | | | |
| <p>O abaixo asinante, ten coñecemento das bases e da convocatoria que rexe o proceso de selección para UNHA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ADMINISTRATIVO DE XESTIÓN ECONÓMICO ADMINISTRATIVA E A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN.</p> <p>E declara baixo súa responsabilidade:</p> <p>Primeiro. - Que coñece e acepta integramente as bases da convocatoria publicadas no BOP.</p> <p>Segundo. - Que reúne todos e cada uno dos requisitos esixidos en ditas Bases e convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación da instancia.</p> <p>Terceiro. - Que son certos os datos consignados nesta solicitude, asumindo as responsabilidades a que haxa lugar no caso de falsidade na mesma ou na documentación presentada, sendo excluído automaticamente do proceso selectivo.</p> <p>Cuarto.- Que acepto, expresamente, as comunicacións telemáticas ao número de teléfono móbil consignado e as notificacións electrónicas fidedignas á conta de correo electrónico consignada.</p> <p>Quinto. - Que non teño sido inhabilitado, nin separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública.</p> <p>Sexto. - Que a documentación aportada é copia fiel da orixinal, comprometéndome a aportar os orixinais da documentación, en relación cos requisitos de acceso e titulación, no caso de ser seleccionado, a requirimento do Consorcio, de conformidade co establecido nas bases reguladoras deste proceso de selección.</p> | | | |
| SOLICITA | | | |
| <p>Que sexa admitida esta solicitude ao proceso de selección que se teña por presentada, a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Copia auténtica ou compulsada do documento acreditativo da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, etc. <input type="checkbox"/> Copia auténtica ou compulsada da certificación que acredite o coñecemento do idioma galego esixido como mínimo nas bases (Celga 4 ou equivalente). <input type="checkbox"/> Copia autentica ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para o seu cotexo) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados. | | | |

Lugo a , _____ de _____ de 2023

(SIGNATURA DO INTERESADO)

SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Lugo, a 10 de xullo de 2023.- O Secretario Interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2208

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día vinteoito de xuño do dous mil vintetrés, adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos ás proposicións de alcaldía sobre:

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO:

"Primeiro.- O Concello Pleno celebrará sesións ordinarias, de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, e o artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o terceiro venres dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro, ás dezaseis horas e trinta minutos.

Segundo.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo."

PERCEPCIÓN DE RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DOS CARGOS, INDEMNIZACIÓNS E ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

"Primeiro.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:

- O Sr. Concelleiro, D. Roberto Lorenzo Fernández, co seguinte réxime de retribucións: 2.285,71 euros brutos mensuais, (1.720,61€ líquidos mensuais) de catorce pagas anuais, facendo un total de 32.000€ brutos anuais, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Segundo.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:

- O Sr. Alcalde D. Francisco Javier Balado Teijeiro, co seguinte réxime de retribucións: 3.071,42 euros brutos mensuais, (2.211,32€ líquidos mensuais) de catorce pagas anuais, facendo un total de 43.000€ brutos anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Terceiro.- Número, características e retribucións de persoal eventual, dacordo co artigo 104 e 104 bis da Lei de Bases de Réxime Local:

- Designar un persoal eventual a xornada completa de luns a venres, para apoio á alcaldía, co seguinte réxime retributivo: 1.746,74€ brutos mensuais, de catorce pagas anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cuarto.- Asistencias a sesións de órganos colexiados:

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións de:

- Plenos: Contía de 160 euros.
- Xunta de Goberno Local: Contía de 100 euros.
- Comisións Informativas: Contía de 90 euros.

Quinto.- Participación en Tribunais: Os membros da Corporación percibirán as indemnizacións por razón de concorrencia a sesións de Tribunal e órganos colexiados da selección de persoal, as que legalmente fixe o Estado, no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Sexto.- Indemnizacións por razón do servizo:

-As establecidas na Lexislación Xeral do Estado, de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

-Os gastos de locomoción serán os sinalados no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións de servizo, debidamente actualizado pola Orde EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no citado Real Decreto.

Sétimo.- *Asignación ós Grupos Políticos Municipais por razón do disposto no artigo 73 da Lei de Bases de Réxime Local:*

- *Setenta euros ó mes por cada un dos concelleiros integrantes de cada grupo municipal.*
- *Noventa euros ó mes por cada grupo municipal.”*

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“Primeiro.- *O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:*

- *O Sr. Concelleiro, D. Roberto Lorenzo Fernández, co seguinte réxime de retribucións: 2.285,71 euros brutos mensuais, (1.720,61€ líquidos mensuais) de catorce pagas anuais, facendo un total de 32.000€ brutos anuais, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

Segundo.- *O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:*

- *O Sr. Alcalde D. Francisco Javier Balado Teijeiro, co seguinte réxime de retribucións: 3.071,42 euros brutos mensuais, (2.211,32€ líquidos mensuais) de catorce pagas anuais, facendo un total de 43.000€ brutos anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.*

